



# FERVENZAS DO ALMOFREI

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** Ponte Bora-Ponte Arrotea: 6 km  
A pé: 8 km

**Dificultade:** alta

**Duración:** 4 horas

Un percorrido distintos puntos do canón do río Almofrei (afluente do Lérez) entre Portamuíño (Pontevedra) e Xesteiras (Cotobade), para ver algúns dos numerosos saltos e pozas que se atopan no seu curso.

No verán os saltos levan pouca auga pero podemos gozar das numerosas pozas e fermosos recunchos que se forman entre grandes penedos graníticos, algúns en zonas acceso moi complicado.


**1-Bora** (Pontevedra), entre os lugares de Portamuíño e O Salgueiral.

A ferverza principal ten unha fronte ampla e caídas de ata 7 m de altura.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada de Pontevedra a Cotobade, xusto no punto quilométrico 1 cóllese o desvío a Portamuíño e apárcase o coche. Para ir ás ferverzas cóllese unha pista de terra que sae á esquerda e, seguindo sempre pola da esquerda chégase a unha levada antiga pola que se remonta o río ata atopar as ferverzas (2,5 km ida e volta).

Pódese chegar a esta ferverza facendo a ruta do Almofrei sinalada polo concello de Pontevedra (7 km desde Ponte Bora).



## 2-A Fontenova

(Cotobade)

Na parroquia de Almofrei (Cotobade).

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Cotobade, cóllese o desvío a Almofrei e na Fontenova déixase o coche e báixase por unha pista de cemento moi estreita e empinada que vai á central hidroeléctrica, case abaixo, ten un desvío á esquerda polo que se chega a uns prados polos que se pasa, sen baixar, ata chegar a un bosque que hai que atravesar e baixar pola outra banda nun terreo moi empinado. Hai que remontar o río polo cauce entre penedos para atopar as fervezas (2 km ida e volta). Pódese ter como referencia as cristas rochosas do Catadoiro, á outra banda do río. No inverno é moi complicado e perigoso.



Ferverza en Fontenova.

## 3-Arrotea

Na parroquia de Almofrei (Cotobade).

COMO CHEGAR:

Seguindo pola mesma estrada, un pouco máis adiante, chégase á igrexa de San Lourenzo, déixase p coche e báixase por un camiño ata unha área recreativa a carón do río. Un pouco antes da área recreativa hai que desviarse á dereita polo medio do monte ata subir a un alto desde o que se ve o canón do río e a ferverza (1 km, ida e volta). No verán pódese chegar cruzando o río en Ponte Arrotea.

## 4-Ponte Arrotea

Na parroquia de Almofrei (Cotobade), a carón da ponte, nunha área onde o río forma pequenas fervezas e numerosas pozas.

COMO CHEGAR:

Seguimos ata a ponte e alí podemos ver as fervezas, mesmo debaixo da ponte e un pouco máis abaixo.



Ferverza en Arrotea.



Ferverza debaixo da ponte do Almofrei



Ferverza en Ponte Arrotea.